

E-Dixgal 2019

CFR de Pontevedra

Dende o Centro de Formación e Recursos de Pontevedra, queremos dar a mellor formación a todo o profesorado E-Dixgal dos centros do noso entorno, e para iso deseñamos un itinerario formativo que nos permita atender ao profesorado dos 77 centros E-Dixgal que dependen de nós; así como atender a ampla diversidade das súas necesidades, xa que 13 centros son de nova incorporación a este proxecto durante o curso actual, 24 incorporáronse no curso pasado e 40 centros xa levan máis de dous anos de participación en E-Dixgal.

Para deseñar a formación temos en conta os requisitos que establece a convocatoria E-Dixgal 2018/2019 no punto sétimo no que di que os centros educativos e o profesorado E-Dixgal comprométese a:

- Apartado d). Participar nas actividades formativas vinculadas co proxecto organizadas pola administración educativa.
- Apartado h). Participar no PFPP no que se articulará a formación do proxecto dentro do centro educativo.

Por esta razón, a formación deseñada para os centros E-Dixgal no curso 2019-2020 terá as seguintes actividades:

1. Curso **P1902012 - Formación para persoas coordinadoras E-Dixgal** dirixido a todos os coordinadores E-Dixgal noveis, que afrontan esta coordinación por primeira vez, tanto que sexa por ser un centro de nova incorporación ao proxecto, como por ser un coordinador que asume por primeira vez a coordinación nun centro que xa fose E-Dixgal.
2. **Charlas informativas** de 3 horas dirixidas a todo o profesorado de centros E-Dixgal. A asistencia a estas charlas é voluntaria.
 1. Nestas Charlas se exporá todo o itinerario formativo que se levará a cabo no CFR e tamén no centro educativo a través do PFPP.
 2. Os Asesores ABALAR farán unha breve introdución ao equipamento e recursos E-Dixgal, así como responderán a todas as preguntas que xurdan.
3. Creación de **PFPP con itinerario E-Dixgal** de forma obrigatoria tal e como establece a convocatoria nos centros que participan na convocatoria 2018-2019 e 2019-2020. Nos demais centros E-Dixgal, a creación dun itinerario E-Dixgal é voluntario.
4. Realización do curso **P1902014 - Introducción ao EVA E-Dixgal** para todo o profesorado E-Dixgal de nova incorporación ao proxecto en centros nos que non haxa PFPP con itinerario E-Dixgal.

5. No CFR de Pontevedra crearemos un **foro aberto de coordinadores** durante todo o curso 2019-2020 ao que convidamos aos coordinadores e coordinadoras dos 76 centros E-Dixgal do fin de:
 1. Completar e actualizar a formación sobre novidades e recursos E-Dixgal.
 2. Compartir e difundir as prácticas educativas así como as solucións organizativas postas en práctica nos centros.
 3. Establecer un canle de comunicación permanente e fluído entre os centros e a administración educativa.
6. Formación dirixida ao profesorado de centros E-Dixgal de convocatorias anteriores á actual para complementar a formación metodolóxica do proxecto.
 1. Curso **P1901027 - Paisaxes de aprendizaxe** a realizar durante o 1º trimestre.
 2. Curso **Creación de aplicacións interactivas con h5p** a realizar durante o 2º trimestre.

Máis información:

Información espazo ABALAR

<https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/es/node/11250>

Convocatoria XUNTA

<https://www.edu.xunta.gal/portal/es/node/27568>

Resolución do 14 de Marzo de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se convoca a selección de centros para participar no proxecto Educación Dixital (E-Dixgal) durante o curso 2019/20.

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/convocatoria_edixgal_1.pdf